



## **MEMORIA ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

A consellería de Emprego e Igualdade foi creada polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 7 de setembro).

Os seus órganos superiores e de dirección foron establecidos polo artigo 7 do Decreto 130/2020, do 17 de setembro de 2020, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190, do 18 de setembro).

Finalmente as unidades con nivel de subdirección xeral e xefatura de servizo en que se estrutura cada un dos órganos superiores e de dirección determináronse polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 253, do 17 de decembro de 2020) cuxa modificación atópase actualmente en tramitación.

En tanto non se proceda a aprobación da Relación de Postos de Traballo (RPT) da nova consellería continúa vixente, polo que respecta á área de emprego, a relacións de postos de traballo da extinta Consellería de Industria, Emprego e Innovación (DOG núm. 136, do 17 de xullo de 2018) e, polo que respecta a Área de Igualdade, a relación de postos de traballo da extinta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 225, do 26 de novembro de 2018).

Realizada a distribución dos efectivos da extinta Consellería de Industria, Emprego e Innovación entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e a Consellería de Emprego e Igualdade (Acordo do 18 de marzo de 2021) considérase precisa a inmediata creación dos postos non traspasados e previstos no decreto de estrutura resultante da modificación que se está a tramitar (subdireccións e servizos) así como daqueles postos de apoio (secretarías de altos cargos e seccións) imprescindibles para o cumprimento das funcións atribuídas aos postos de estrutura.

Asemade, adáptanse as denominacións e características dos postos traspasados aos das unidades administrativas que figuran no decreto de estrutura orgánica e amortízanse postos vacantes e prescindibles cuxos créditos son necesarios para



financiar as creacións que se propoñen e que carecen de dotación no anexo de persoal da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Xustificada na memoria funcional a necesidade e oportunidade da creación, modificación e supresión de postos, procede realizar a súa valoración económica.

## VALORACIÓN ECONÓMICA

### I. Creación de postos.

I.1 Os postos que a seguir se relacionan contan con dotación no **anexo de persoal da Lei 3/2021**, do 28 de xaneiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Denominación posto Código	Nivel	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2021	Sec/Serv/ Progr.	Liña
Vicesecretario/a xeral EM.C02.00.001.15770.001	30	53.948,44€	204,14€	16.245,77€	70.398,35€	11.01.321A	4976
Subd. Xeral de Réxime Xurídico e RRHH EM.C02.00.002.15770.001	30	53.948,44€	204,14€	16.245,77€	70.398,35€	11.01.321A	4976
Subd. Xeral de Xestión Económ. e Contratación EM.C02.00.003.15770.001	30	53.948,44€	204,14€	16.245,77€	70.398,35€	11.01.321A	4976
Subd. Xeral de Coordinac. de Programas EM.C05.00.020.15770.001	30	53.948,44€	204,14€	16.245,77€	70.398,35	11.04.322C	2108
Xef. Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas EM.C02.00.001.15770.002	28A	46.331,46€	175,32€	13.952,03€	60.458,81€	11.01.321A	2633
Xefatura de servizo de Recursos Humanos EM.C02.00.002.15770.010	28A	46.331,46€	175,32€	13.952,03€	60.458,81€	11.01.321A	2633
Xefe Territorial Ourense EM.C99.10.00.32001.001	28A	49.430,92€	187,05€	14.885,39€	64.503,36€	11.01.321A	4926



Denominación posto Código	Nivel	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2021	Sec/Serv/ Progr.	Liña
<b>Xefe Territorial Pontevedra</b> EM.C99.10.00.36560.001	28A	49.430,92€	187,05€	14.885,39€	64.503,36€	11.01.321A	4926
<b>Xef. Serv. coordinación admva. e xestión económ. A Coruña</b> EM.C99.10.00.15001.010	28B	44.823,52€	169,61€	13.497,94€	58.491,07€	11.01.321A	2636
<b>Xef. Serv. coordinación admva. e xestión económ. Lugo</b> EM.C99.10.00.27001.010	28B	44.823,52€	169,61€	13.497,94€	58.491,07€	11.01.321A	2636
<b>Secretario/a conselleiro/a</b> EM.C01.00.000.15770.001	20	25.336,02€	95,87€	7.629,57€	33.061,46€	11.01.321A	4933
<b>Secretario/a sec.xeral téc.</b> EM.C02.00.000.15770.001	18	23.936,30€	90,57€	7.208,06€	31.234,93€	11.01.321A	4932
<b>Secretario/a director/a xeral</b> EM.C05.00.000.15770.001	20	23.936,30€	90,57€	7.208,06€	31.234,93€	11.03.324A	5983
<b>TOTAIS</b>					<b>743.761,2</b>		

I.2. Os seguintes postos financiaranse con dotacións orzamentarias existentes na Consellería de Emprego e Igualdade (remanentes).

Denominación posto Código	Nivel	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2021	Sec/Serv/ Progr.	Liña
<b>Xefatura de Sección (Serv. calidade procedementos e Sistemas)</b> EM.C02.00.001.15770.003	25	38.461,78€	145,54€	11.582,20	50.189,52€	11.01.321A	4815
<b>Xefatura de Sección (Serv. Recursos Humanos)</b> EM.C02.00.002.15770.015	25	38.461,78€	145,54€	11.582,20	50.189,52€	11.01.321A	4815
<b>Xefatura de Sección (Serv. Técnico Xurídico)</b> EM.C02.00.002.15770.025	25	38.461,78€	145,54€	11.582,20	50.189,52€	11.01.321A	4815
<b>TOTAIS</b>					<b>150.568,56</b>		



**I.3.** Os postos que a seguir se indican financiaranse coas dotacións daqueles outros postos cuxa amortización se propón no punto III.2 desta memoria.

Denominación posto Código	Nivel	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2021	Sec/Serv/ Progr.	Liña
<b>Xefatura de Sección (Servizo de Programación, Cooperación Institucional e Planificación)</b> EM.C10.00.002.15770.025	25	36.522,72€	138,20€	10.998,28€	47.659,20€	11.02.311A	0070
<b>Unidade administrativa do Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (Sispe)</b> EM.C06.00.000.15770.001	25	36.522,72€	138,20€	10.998,28€	47.659,20€	11.05.323A	6117
<b>Sección de acreditación das cualificacións profesionais I</b> EM.C06.00.004.15770.020	25	36.522,72€	138,20€	10.998,28€	47.659,20€	11.05.323A	6117
<b>Sección de acreditación das cualificacións profesionais II</b> EM.C06.00.004.15770.025	25	36.522,72€	138,20€	10.998,28€	47.659,20€	11.05.323A	6117
<b>TOTAIS</b>					<b>190.636,8</b>		

## II. Modificacións

Ningunha das modificacións dos postos que figuran na memoria funcional leva consigo incremento do custo económico.

## III. Amortizacións

**III.1** Ningún dos postos que a seguir se relacionan figuran na estrutura orgánica da consellería nin contaran con dotación orzamentaria tras a modificación do Decreto 215/2020.

Denominación posto/código	Nivel Grupo	Sec/Serv/progr.	Liña
<b>Subd. Xeral de Xestión Técnico Administrativa e Orzamentaria</b> PR.V20.00.001.15770.001	30	11.02.311A	---
<b>Xef. Servizo de Planificación e Programación</b> PR.V20.00.002.15770.005	28A	11.02.311A	---



**III.2** Para financiar os postos cuxa creación se propón e que carecen de dotación orzamentaria (I.3) prevese amortizar os que figuran na seguinte táboa.

Denominación posto/código	Nivel Grupo	Retrib.	IPC Galego	S. Social (30%)	Custo 2021	Sec/Serv/ progr.	Liña
<b>Posto base subgrupo A1</b> EI.C99.20.902.36001.034	20	30.583,56€	115,73€	9.209,79€	39.909,08€	11.05.323A	9757
<b>Titulado superior</b> EI.C99.20.901.36560.051	I	31.447,58€	119,00€	9.469,97€	41.036,55€	11.05.323A	1173
<b>Posto base subgrupo A1</b> EI.502.00.003.15770.103	20	30.583,56€	115,73€	9.209,79€	39.909,08€	11.05.323A	9757
<b>Posto base subgrupo A2</b> EI.502.00.003.15770.110	16	26.347,24€	99,70€	7.934,08€	34.381,02€	11.05.323A	0878
<b>Posto base subgrupo C2</b> EI.501.00.000.15770.032	12	19.397,78€	73,40€	5.841,35€	25.312,53€	11.03.324A	5988
<b>Subalterno/a</b> EI.501.00.000.15770.045	10	17.959,62€	67,96	5.408,27€	13.496,31€	11.03.324A	5989
<b>TOTAIS</b>					<b>194.044,57</b>		

A dotación para o exercicio 2021 do posto de subalterno/a ascendía a 23.435,85 euros: Non obstante 9.939, 54 € destináronse a financiar a creación do posto de Subdirector/a Xeral de Coordinación de Programas da Dirección de Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social (Liña 2108) polo Decreto que modifica o Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (Memoria económica de data 6 de xullo de 2021).

#### **IV. Diferenza amortizacións (III.2)/custos de creación(I.3)**

Consonte cos datos reflectidos nas anteriores táboas, a amortización dos postos relacionados no punto III.2 proporciona o crédito suficiente para financiar a creación dos postos relacionados no puntos I.3.



Excedentes por amortización de prazas	194.044,57 €
Custo prazas de nova creación	-190.636,80 €
<b>SALDO</b>	<b>3.407,77</b>

Signifícase que a modificación non entrará en vigor antes do mes agosto do exercicio en curso polo que o remanente, calculado en termos anuais, será maior do reflectido.

De acordo con todo o anteriormente exposto a modificación da RPT da Consellería de Emprego e Igualdade non leva consigo incremento ningún no capítulo I do orzamento de gasto da Consellería de Emprego e Igualdade para o exercicio 2021.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O secretario xeral técnico

José Ramón Pardo Cabarcos